

## Delinchantes (Xunta de Galicia)

Diario Oficial de Galicia

*luns, 9 de xaneiro de 2006*

*luns, 16 de xaneiro de 2006*

*Temario Común Convocatorias 2008*

Orde do 26 de decembro de 2005 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia (grupo C), escala de delinchantes.

### Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario os seguintes requisitos:

Para acceso libre:

Nacionalidade:

a) Ser español.

b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e o dos nacionais dalgún Estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan as súas expensas.

Idade: ter dezaioito anos e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

Estar en posesión ou en condicións de obter o título que para esta escala se especifica no anexo II.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Ademais dos requisitos anteriores os aspirantes que se presenten, polo cupo de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

### Solicitudes.

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

Os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán ademais presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

b) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente.

c) Documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do título do curso de perfeccionamento de galego, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para a exención prevista no terceiro exercicio.

Concurso-oposición.

O proceso de selección será o de concurso-oposición.

Fase de oposición.

O programa que rexerán as probas selectivas serán o publicado como anexo III a esta orde.

### Exercicios comúns para ambos os sistemas de acceso.

**a) Primeiro exercicio**, de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, máis tres (3) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será correcta, que será o resultante do sorteo de entre dous cuestionarios elaborados previamente por este e correspondentes ao contido do programa. O tempo máximo de duración será de dúas horas e trinta minutos.

Cada opositor poderá obter copia do exercicio realizado ao remate deste.

No prazo das vinte e catro horas seguintes ao da celebración farase pública, no lugar de realización do exercicio, o modelo de test, indicando as respostas correctas.

**b) Segundo exercicio**, de carácter eliminatorio: os aspirantes, no prazo máximo de dúas horas, deberán desenvolver por escrito un (1) tema da parte específica do programa, que se elixirán entre dous (2) obtidos mediante sorteo polo tribunal de entre os que forman o contido do programa.

Posteriormente, serán convocados oportunamente polo tribunal para proceder á lectura polo opositor en sesión pública ante o tribunal, que o cualificará valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade de expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición.

**c) Terceiro exercicio**, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre tres textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do

galego para o castelán, elixido por sorteo de entre tres textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora.

**Exercicio específico para o sistema de acceso libre:**

Cuarto exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá na resolución dun suposto práctico á elección do aspirante, de entre dous que serán os resultantes do sorteo levado a efecto entre 4 elixidos polo tribunal e relacionados coas materias correspondentes ao contido do programa no que se refire aos temas específicos desta escala. O suposto práctico farase sobre unha das seguintes ferramentas informáticas: Microstation Version 8 ou Office 2003.

Disporá dun tempo máximo de dúas horas e trinta minutos para efectualo.

Para a realización do cuarto exercicio poderán servirse os opositores de textos legais sen comentarios, excluíndose os libros de consulta.

**EscalasTítulos exixidos**

Delineantes Técnico superior en deseño e produción editorial, técnico superior en desenvolvemento de proxectos mecánicos, técnico superior en desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción, ou titulación equivalente

**ANEXO III**

Programa que rexerá as probas selectivas para o ingreso no corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia (grupo C), escala de delineantes.

**Parte común.**

Parte xeral. Lexislación

1. Constitución española, do 27 de decembro de 1978.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia.
3. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística: títulos I e II.
4. Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: títulos I a X.
5. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: títulos I a III.
6. Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público: títulos I a V.
7. Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia: títulos I a V.
8. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes: títulos preliminar e II.

**Parte específica.**

1. Perpendiculares. Diferentes problemas, casos de que o punto estea contido na recta ou exterior.
2. Rectas paralelas. Problemas con utilización do compás e con modelo.
3. Ángulos. Construción de ángulos iguais. Suma, resta e división de ángulos. Trazado de bisetrix. Aplicación a rectas

concorrentes. Outros problemas.

4. Triángulos. Problemas sobre construción de triángulos.
5. Cuadriláteros. Problemas sobre a Construción dos cadrados, rectángulos, rombos, trapezios e trapezoides.
6. Polígonos regulares: construción do pentágono, hexágono, heptágono, octógono e eneágono: diferentes casos.
7. Tanxentes. Construción de rectas e circunferencias tanxentes. Enlaces de rectas e curvas. Circunferencias tanxentes entre si. Enlaces de curvas.
8. Construcións do óvalo e do ovoide.
9. Construción da elipse. Diferentes casos. Trazados das tanxentes á elipse.
10. Trazado da parábola por distintos procedementos. Coñecida a parábola, determinar os seus elementos.
11. Trazado da hipérbola por diferentes procedementos. Tanxentes da hipérbola. Determinación das asíntotas.
12. Escalas de debuxo. Concepto e aplicacións. Tipos de papel e formatos. Rotulación.
13. Sistema diédrico. Xeralidades. Punto, recta e plano. Interseccións.
14. Representación das pezas, liñas vistas e ocultas. Vistas principais. Vistas necesarias. Exemplos.
15. Sección ou cortes. Particularidades sobre seccións. Seccións parciais.
16. Proxección axonométrica. Xeralidades. Alfabeto do punto, recta e plano.
17. Perspectiva cabaleira. Xeralidades. Elementos fundamentais.
18. Perspectiva cónica. Xeralidades e fundamento da perspectiva cónica. Elección do punto de vista e a liña do horizonte.
19. Cartografía e debuxo topográfico. Nocións xerais. Curvas de nivel. Cultivos e usos do solo. Signos convencionais.
20. Conceptos básicos de informática. O debuxo asistido por ordenador.